

## UGT RECLAMA A NECESIDADE DE ABORDAR A PRÓRROGA DAS MEDIDAS ANTICRISE

*O sindicato lembra, ademais, que segue habendo marxe para aumentar o SMI e os salarios de convenio*



**Redacción.-** Os datos do IPC de novembro, publicados polo INE, sitúan a inflación anual nun 3,2%, 3 décimas menos respecto a outubro. Así, vaise consolidando a moderación progresiva do ritmo de crecemento de prezos, a pesar do efecto chanzo nos prezos enerxéticos ou o mantemento das tensións xeopolíticas a nivel internacional.

Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente máis estrutural, redúcese sete décimas respecto ao mes anterior, alcanzando unha variación anual do 4,5%. A brecha respecto á taxa xeral acúrtase a 1,3 puntos, a menor diferenza desde decembro de 2022.

Con todo, a moderación do ritmo de crecemento dos prezos non implica que algúns produtos non sigan encarecéndose e reflectindo niveis inasumibles para o peto de moitas familias traballadoras. Neste sentido, en novembro os alimentos incrementaron o seu prezo nun 9% anual, destacando a subida nalgúns produtos como o aceite de oliva (un 66,7%), o

arroz (un 17,1%) e os legumes e hortalizas (16,8%)

Por iso, UGT reclama a necesidade de abordar a prórroga das medidas anticrise ou, no seu caso, a súa substitución por outras máis eficientes e adaptadas ao novo contexto socioeconómico. Neste sentido, cabe lembrar que a vixencia de descontos nos servizos de transporte, a factura eléctrica e do gas ou o prezo dalgúns produtos alimenticios conclúe a finais de ano e que isto podería supoñer novamente un incremento das presións inflacionistas, afectando en maior proporción a fogares vulnerables.

O sindicato lembra, ademais, que os últimos datos sobre evolución das marxes empresariais, que seguen en máximos históricos, ofrecen motivos razoables para seguir aumentando os salarios. Por iso, é imprescindible continuar en 2024 coa senda de incremento do salario mínimo interprofesional que sexa coherente coa evolución da economía e dos prezos. Trátase dunha política salarial que

xa se demostrou efectiva para reducir a desigualdade, mellorar as condicións de vida da poboación máis precarizada e impulsar un modelo produtivo máis eficiente.

### O novo AENC permite manter o poder de compra

UGT recalca que se debe manter o ritmo de crecemento dos salarios e, nese sentido, incide en que o V Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) está a xerar os efectos desexados, xa que desde a súa aprobación asináronse 825 convenios cun incremento salarial medio do 4,1%, 5 décimas máis que a taxa media de inflación (3,6%), fronte á perda de poder de compra de ata 5,2 puntos rexistrada o ano anterior.

Con todo, lembra que a ganancia de poder adquisitivo debe ser unha realidade en todos os sectores produtivos, especialmente naqueles que rexistraron uns beneficios históricos derivados da espiral inflacionista.

## CONCENTRACIÓN INDEFINIDA DOS BOMBEIROS COMARCAIS NO OBRADOIRO A PARTIR DE HOXE

*Os traballadores rexeitan a última proposta das administracións que consideran insuficiente*

**Redacción.-** A Praza do Obradoiro acollerá a partir de hoxe a concentración indefinida convocada polos bombeiros comarcais para denunciar a situación das negociacións coas administracións para a consecución dunhas condicións laborais dignas para o sector en toda Galicia.

O pasado día 5, no Consello Galego de Relacións Laborais, as administracións, Xunta e deputacións, presentaron unha proposta claramente insuficiente, polo que o calendario de mobilizacións previsto continuará ata a consecución dunhas condicións laborais dignas.

O documento achegado polas administracións consta de catro puntos, dos

cales, só un, o relativo ao permiso de asuntos propios, sería asumible.

Os outros tres son insuficientes. A proposta de redución horaria, a 1.642 horas, non ten sentido, xa que este xa é o horario actual do persoal da administración e, ademais, será de implantación progresiva nos dous vindeiros anos para toda a cidadanía, segundo o pacto de investidura PSOE-Sumar e, ademais, agárdase que neste mesmo período a xornada do persoal da administración pase a ser de 35 horas semanais, 1.533 ao ano.

En canto ao aumento das retribucións, este pasa por asumir 158 horas extraordinarias por 1.300 euros líquidos.

Non hai incremento salarial, o que se ofrece é facer máis horas extraordinarias e conbrándoas, incluso, por debaixo do valor da hora ordinaria.

No referente ao incremento dos cadros de persoal, presuponse que, se as administracións pretenden que os traballadores fagan máis horas, é porque non admiten a falta de persoal e pretenden cubrir as carencias cos traballadores actuais. Afastado isto da proposta sindical de 4 ou 5 efectivos por quenda, o que implicaría unha contratación mínima de 7 ou 8 bombeiros por parque, fronte a un efectivo máis por centro de traballo que propoñende as administracións.

## MALESTAR NO DIARIO DE PONTEVEDRA POLO DESPEDIMENTO DE CATRO PERSOAS

**Redacción.-** Os traballadores e traballadoras do Diario de Pontevedra abriron un calendario de mobilizacións en sinal de protesta polo despedimento de catro persoas.

O Comité de empresa considera inxustificadas a extinción dos contratos e teme que estes recortes continúen pola deriva que está a tomar a externalización da carga laboral.

Vaise externalizar o servizo de distribución, sen previa comunicación ao Comité de xeito oficial.

Ao día seguinte do inicio deste proceso, trasladouse o despedimento de dous traballadores da área de distribución. Á par tamén se res-



cindiron os contratos de dúas redactoras.

Por todo isto, o Comité decidiu arrancar coas mobilizacións en de-

fensa dos postos de traballo no Diario de Pontevedra que nos últimos dez anos xa diminuíu o seu cadro de persoal de xeito notable, pasando de 70 a 42 postos de traballo.

## UGT GAÑA AS ELECCIÓNS SINDICAIS NA ESTIBA DO PORTO DE VIGO, EN LIMPEZAS MAGA NA CORUÑA E EN COGAMI-SANTIAGO

**Redacción.-** Esta semana UGT ven de gañar as eleccións sindicais na estiba do Porto de Vigo, en Limpezas Maga na Coruña e en Cogami, en Santiago.

Concretamente, na estiba, ao proceso concorreron tres sindicatos, UGT, CCOO e Coordinadora. UGT volveu revalidar a súa posición de sindicato con

maior apoio entre o persoal do servizo portuario, obtendo o 43,45% dos apoios.

UGT tamén gañou as eleccións, celebradas esta semana en Limpezas Maga, na Coruña, conseguindo 6 delegados, fronte a 3 da CIG.

En Gogami-Santiago UGT conseguiu

o respaldo total dos traballadores e traballadoras ao conseguir os nove delegados que se elixían.

Nos tres casos UGT agradece o apoio depositado polos traballadores no Sindicato, tanto na xestión dos últimos anos como nas propostas de cara ao futuro.

## SEGUNDA XORNADA DE FOLGA NA SANIDADE PRIVADA DA PROVINCIA DA CORUÑA POR UN CONVENIO DIGNO

**Redacción.-** Amplo seguimento na segunda xornada de folga convocada, para este xoves, día 14, na sanidade privada da provincia da Coruña.

Lembrar que UGT, xunto con CCOO e CIG, convocaron dúas xornadas de folga neste sector os días 30 de novembro e 14 de decembro.

Dende UGT Servizos Públicos denunciábase o bloqueo do convenio por parte da patronal, o que está a afectar a máis de 4.000 persoas na provincia da Coruña. Pese a que o sector xa conta cun convenio á baixa, a patronal aínda pretende recortar máis, presentando unha oferta económica ridícula e recortar dereitos como as contías dos trienios ou o cobro do 100 por cento no caso de baixas.

Os sindicatos non van renunciar a estes dereitos e reclaman outros como cobrar polo traballo os domingos.

O último movemento da patronal foi suspender as negociacións alegando un posible incremento do SMI ou unha posible modificación legislativa da xornada máxima legal pero os traballadores e traballadoras do sector consideran que son excusas e de-



mandan seguir negociando unhas condicións laborais dignas e poñer fin ao recorte de dereitos.

## O SECTOR DA EDUCACIÓN INFANTIL MOBILIZOUSE ESTE MÉRCORES EN VIGO, SANTIAGO E A CORUÑA

**Redacción.-** Estes mércores sucedéronse as mobilizacións convocadas por UGT, xunto con outros sindicatos, das traballadoras e traballadores do sector da educación infantil de 0 a 3 anos en Galicia. Mobilizacións que anteceden á xornada de folga convocada para o día 19.

Lembrar que a última reunión tivo lugar o 24 de novembro, no marco da negociación do XIII Convenio Colectivo. Nas xa doce reunións da mesa negociadora, as patronais non mostraron vontade de chegar a ningún acordo que permita ás traballadoras recuperar o poder adquisitivo perdido e obter uns salarios dignos e xustos, acordados coa responsabilidade do seu labor educativo e social coas crianzas.

Os sindicatos insisten no malestar coa marcha das negociacións, que se iniciaron hai máis dun ano e medio, nas que as patronais non souberon estar á altura das necesidades do sector.

As reivindicacións continúan na liña dos últimos meses: denunciar o inmovilismo nas negociacións do XIII Convenio colectivo de centros de educación infantil, estancado desde hai máis dun ano e medio, e defender os dereitos laborais, sociais e salariais das traballadoras das escolas infantís privadas e de xestión indirecta.

A actitude das organizacións patronais pon de manifesto a falta de vontade negociadora co ánimo de atrasar e evitar afrontar a necesaria actualización dos salarios, que actualmente se atopan por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional (SMI), impedindo así que as traballadoras poidan recuperar o poder adquisitivo perdido. Ademais, negan a necesidade de incrementar o diferencial salarial para as educadoras infantís e tamén se opoñen á aprobación dunhas táboas salariais equilibradas, dignas e xustas para todo o sector.

As patronais causaron un grave prexuízo ás traballadoras do sector da xestión indirecta ao impedir o asinamento dunhas táboas salariais vinculadas aos pregos de condicións dos últimos concursos públicos. Esta negativa priva ás traballadoras dunha remuneración xusta e acorde coas súas responsabilidades laborais.

Desde o inicio das negociacións no 2022, as propostas salariais e as condicións labo-



rais en cada nova reunión foron diminuindo, ata hoxe. Por exemplo, hai xusto un ano, negociábase coa patronal da xestión indirecta unha proposta súa, xa insuficiente daquela, nas seguintes cantidades a cobrar en 2026: 1.660 € para a categoría de mestre/a, 1.360 € para as educadoras e 1.245 € para o resto das categorías. Se se compara coas táboas propostas actualmente, para a categoría de mestre/a a cantidade baixa a 1.611,10 €, na categoría de educador/a o salario descende a 1.236,43 € e para o resto de categorías preténdese negociar a 1.166,40, lonxe da cantidade inicial. Polo tanto, os recortes salariais respecto ás propostas que se negociaban hai un ano son evidentes.

"NICOLÁS REDONDO. SINDICATO, MEMORIA, REFORMISMO E UTOPIA"

## UGT CELEBRA O ACTO DE RECOÑECEMENTO Á MEMORIA DE NICOLÁS REDONDO

*35 anos da folga do 14D*

**Redacción.-** UGT celebrou onte, na súa sede en Madrid, un acto de recoñecemento á memoria de Nicolás Redondo, quen fora secretario xeral do sindicato entre os anos 1976 e 1994. Ademais, este acto fíxose coincidir coa data na que se celebraban os 35 anos da folga xeral do 14D que paralizou o país.

Todos e todas as que intervinerón no acto destacaron o papel crucial que xogou Nicolás Redondo no sindicalismo español.

Concretamente, o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, insistiu en que a historia do sindicalismo en España, incluso a do propio sistema de relacións laborais, non se entendería sen a figura de Nicolás Redondo.

Destacou que negociou e acordou coa UCD o primeiro Estatuto dos Traballadores deste país; negociou e acordou con Ferrer Salat, o que fora presidente da CEOE, o primeiro acordo de negociación colectiva. É dicir, xogou un papel decisivo á hora de apuntalar as bases das relacións laborais da historia democrática do noso país. O acto contou cunha nutrida presenza de cadros de UGT, así como membros do Goberno e do PSOE, da CEOE ou de CCOO e o fillo de Nicolás Redondo.

Antes deste acto, tivo lugar unha ofrenda floral no cemiterio civil de Madrid.



## UGT PARTICIPA NA EUROMANIFESTACIÓN CONTRA A AUSTERIDADE E POR UN TRATO XUSTO ÁS PERSOAS TRABALLADORAS

**Redacción.-** Unha delegación da Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores participou este martes na manifestación que a CES convocou en Bruxelas e na que delegacións de todas as organizacións sindicais afiliadas estiveron tamén presentes, protestando contra os plans previstos de austeridade para o próximo ano.

A manifestación culminou a campaña 'Un acordo xusto para as traballadoras e traballadores' que se produciu en distintos Estados membro da Unión Europea (UE) en favor de aumentos salariais, mellora das condicións laborais e contra a austeridade.

A CES calcula, baseándose no borrador de proposta de reforma das regras fiscais da Comisión Europea, que catorce Estados membro veranse obrigados a recortar 45.000 millóns de euros dos seus orzamentos o pró-

ximo ano. A reforma prodúcese despois de que as regras anteriores fosen suspendidas en 2020, mediante a activación da chamada 'cláusula de escape xeral' do Pacto de Estabilidade e Crecemento da UE, para facer fronte ás consecuencias económicas da pandemia. Segundo a proposta actual, os Estados membro cun déficit superior ao 3% do PIB terán que reducir o seu déficit orzamentario nun mínimo do 0,5% do PIB cada ano. O recorte equivalente a ese 0,5% suporía uns 6.600 millóns de euros menos de gasto para España, unhas 166.000 persoas que se dediquen á enfermería. Aínda que sabemos que esta cifra será aínda maior polo compromiso do Goberno de reducir o déficit nun 0,7% sobre o PIB.

A experiencia e a literatura científica afirman que esta redución conducirá a menos postos de traballo, recortes salariais, recortes



en servizos públicos e deixará á maioría dos países da UE incapaces de realizar os investimentos necesarios para cumprir os obxectivos industriais, sociais e climáticos da UE.

UGT alerta tamén do custo político da austeridade: exemplos recentes como o de Países Baixos ou non tan afastados, como os de Grecia, Italia, España ou Alemaña lémbrennos que a extrema dereita é a principal beneficiaria electoralmente do tipo de políticas que se propoñen.

## MÁIS DE 1.000.000 DE ACCIDENTES DE TRABAJO ATA OUTUBRO

**602 persoas morreron por accidentes laborais, unha cifra intolerable que reflicte o incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais**

**Redacción.-** Segundo os datos estatísticos de avance facilitados polo Ministerio de Traballo e Economía Social, correspondentes ao mes de outubro de 2023, producíronse 1.000.050 accidentes de traballo, dos que 525.551 causaron a baixa laboral da persoa traballadora (o que supón unha baixada do 0,6%) e notificáronse 474.499 accidentes de traballo sen baixa (un 0,8% máis, con respecto ao mesmo período de 2022).

Ana García de la Torre, secretaria de Saúde Laboral, indicou que “Desde UGT estimamos que finalizaremos o ano con máis de 700 mortes en accidentes de traballo, xa que ata outubro rexistráronse 602 accidentes mortais e, aínda que son 86 menos respecto aos datos de outubro do ano de 2022, isto non é suficiente e demostra que segue sen cumprirse coa normativa en prevención de riscos laborais”.

### Fan falta cambios normativos

A este respecto, indicou que “son necesarios cambios normativos para adecuar a

lexislación ás novas realidades do mundo do traballo, mellorar a xestión preventiva e acabar coa mercantilización dos servizos de prevención” e fixo un chamamento para que “as empresas deixen de ver a prevención de riscos laborais como un custo e empecen a consideralo como un investimento”.

Nas cifras apréciase un leve descenso dos accidentes con baixa ocorridos durante a xornada laboral, isto pode deberse, entre outras cuestións, ao menor número de casos de COVID-19 cualificados como accidente de traballo, especialmente nas actividades sanitarias e de servizos sociais. Pola contra, os accidentes “in itinere” aumentaron nun 9,1%, o que pode vir derivado dun aumento da mobilidade das persoas traballadoras.

### 215 persoas morreron ata outubro por infartos e derrames cerebrais, primeira causa de morte por accidente laboral

Ana García instou ao Ministerio de Traballo a que abra urxentemente a Mesa de

Diálogo Social en materia de prevención de riscos laborais á que se comprometeu na lexislatura anterior. “Nesta mesa debe negociarse un Plan de Choque contra a Sinistralidade Laboral de forma inmediata. Entre as materias que debe incluír, non poden faltar os riscos psicosociais, que están relacionados coa primeira causa de morte por accidente laboral no noso país, que son os infartos e derrames cerebrais, ata outubro morreron 215 persoas traballadoras por este motivo”.

Ademais, lembrou que “desde UGT continuamos reivindicando a creación dunha figura similar á do Delegado/a Territorial de Prevención de Riscos Laborais a nivel estatal, xa que é unha realidade que os centros de traballo sindicalizados son centros máis seguros. A creación desta figura axudaría a mellorar a PRL nas PEMES do noso país que non teñen representación sindical, e insistimos en que hai que dotar de máis recursos humanos e materiais á Inspección de Traballo, para que controle o cumprimento das normas e á Fiscalía de Saúde Laboral, para que investigue e depure responsabilidades”.

## O ACORDO PROVISIONAL DA UE SOBRE O TRABALLO EN PLATAFORMAS AVANZA NO CAMIÑO AXEITADO

**Redacción.-** Os negociadores do Parlamento e o Consello alcanzaron un acordo provisional sobre un proxecto de lei para mellorar as condicións laborais das persoas que realizan traballos de plataforma que, aínda que queda lonxe do marco regulatorio pioneiro en España, resulta un avance na materia.

Con este acordo, que terá que ser adoptado formalmente, cos Estados membros, o próximo día 20 antes da súa entrada en vigor, a Directiva sobre traballo de plataforma entra no tramo final para a súa aprobación co obxectivo de garantir a correcta clasificación da situación laboral das persoas que realizan traballo de plataforma e introducir as primeiras normas da UE sobre xestión algorítmica e uso de intelixencia artificial no lugar de traballo.

Na actualidade, polo menos 5,5 millóns de persoas que realizan traballos de plataforma poden estar clasificadas erroneamente como autónomos (o que se coñece como falso autónomo) e estanse perdendo importantes dereitos laborais e de protección social.

Por iso, o acordo provisional é moi importante, xa que introduce unha presunción de relación laboral que se activa cando se dan dúas dunha lista de cinco indicadores de control ou dirección, que os Estados membros poden ampliar. Esta presunción pode ser activada pola persoa traballadora, polos seus representantes e polas autoridades competentes de oficio e pode refutarse se a plataforma demostra que a relación contractual non é unha relación laboral.

### Aumentar a protección aos traballadores

Ademais, as plataformas deberán facilitar información sobre como funcionan os algoritmos e como o seu comportamento afecta as decisións tomadas polos sistemas automatizados ás persoas traballadoras e aos seus representantes e prohibirá ás plataformas tomar certas decisións importantes, como despedimentos e decisións de suspender unha conta, sen supervisión humana.



As plataformas tamén estarán obrigadas a avaliar o impacto das decisións tomadas ou apoiadas por sistemas automatizados de supervisión e toma de decisións sobre as condicións de traballo, a saúde e a seguridade e os dereitos fundamentais e deberán aumentar o nivel de protección no ámbito da protección de datos.

Coa nova lei, non será posible que unha plataforma eluda as normas utilizando intermediarios, é dicir, cando as persoas traballadoras teñan unha relación contractual directa cunha parte distinta da plataforma dixital pertinente. Os Estados membros terán que asegurarse de que as persoas que realizan traballos en plataformas a través de intermediarios gozan do mesmo nivel de protección que as que teñen unha relación contractual directa.